

Saída cultural a un concerto

IES Lamas de Castelo. Curso 2017-18

Organizan: Equipo de Dinamización da Lingua Galega,
Departamento de Lingua Galega e Literatura, e Actividades
Complementarias e Extraescolares

Artista: **Xoán Curiel**

Lugar: Casa de Cultura da Picota

Data e hora: 23 de marzo de 2018 ás 12:00 h.

Destinatarios: Alumnado de 2º, 3º e 4º de ESO

Xoán Curiel (A Fonsagrada- Lugo, 1975).

Compositor, guitarrista, cantante e actor galego. Residente en
Compostela.



Discografía:

- ***Nai*** (2009). Composicións propias adicadas á figura da muller. Con este disco fará unha longa xira por Brasil, Portugal, Arxentina, Italia, Francia...
- ***Magnético Zen*** (2012). Premio ao Mellor Álbum en Lingua Galega nos V Premios da Música Independente de España
- ***Estamos no verán*** (novela-disco; Editorial Galaxia, 2013). Nomeado ao Mellor Álbum en Lingua Galega nos VI Premios da Música Independente de España
- ***Ecuacións*** (2015). EP de 6 cancións cun formato experimental e diferente dentro da súa traxectoria.

Finalista na categoría Canción de Autor nos Premios da Música Galega (2014).

1.- “NUBE” de *Magnético Zen*

calquera filme apocalíptico
nos emociona e nos trae o pánico
case chegamos ao punto crítico
para ser ao fin algo mais neuróticos

será o porvir horizonte sísmico
un meteorito será mais tráxico
onda do mar, tsunami magnífico
como un abrazo de amor do atlántico

o ollo imprime toda a película
a pulsación crece ao mais dinámico
e na cabeza ideais románticos
e no corazón a potencia atómica

subliminal e de forma lúdica
entra nas veas coma un narcótico
enche de medo o corpo físico
e o medo é o noso motor máis básico

ai, la, la, la, la...

nube, nube, nube, nube
o vento a sube
alá vai no firmamento
o meu alimento

xa case nen tiven tempo pra
extenderme nela
abrazala e comela
e crecer e ser estrela

nube, nube, nube, nube
frecha branca
atravesa o corazón
do ciclón dos sete mares

e amañece nos lugares

que se queiran escondidos
os lares do máis distante
os meus espazos perdidos

nube, nube, nunca mais
deixarei de ser ti
voaremos polo ar
bogaremos lento

se a brisa non é precisa
ou se non hai tempo
viaxaremos máis adentro
dentro, dentro da camisa

asento do furacán
corazón e alma
transformaremos en lume
a materia calma
nos beizos do temporal
e nun fondo de negrura
nos mudaremos en luz
esa lingua escura

ai, la, la, la, la...

xiróns de carne instante bélico
fan sentir algo ao máis estático
pecha as xanelas do noso íntimo
e nos disocian do amor auténtico

será que un día un raio cósmico
virá espertar a conciencia náufraga
virá romper pensamento único
das produtoras da norteamérica

calquera filme apocalíptico
nos emociona e nos trae o pánico
case chegamos ao punto crítico
para ser ao fin algo máis neuróticos

vai un rebaño de cor magnética

coas escrituras dos mais fanáticos
serán queimados todos os cánticos
e as disonancias de todo o máxico:

a lúa dentro do sol
o máis seco deste mar
o profundo xibraltar
onde a nube é brétema

a brandura do metal
o azucre da túa sal
ferida sen cicatriz
a saudade máis feliz

a nube que quero ser
e voar, voar, voar
e nacer, vivir, morrer
e no desexo acordar

asento do furacán
corazón de volcán
sube nube do verán
lévame da túa man

ai, la, la, la, la...



2.- “POLICROMÍA” de *Magnético Zen*

o sol xa mergullou, foi tragado polo mar
e a cor, virou escura no noso lar
e lembro, o sol queimando a ráfegas
sostendo peitos abertos no verán

e agora, son o asento quieto do banbán
sostendo todo o que non, non, non... puiden dar
retendo na mente pensamentos, intencións
de estar ben, de ser bons

sempre balancea o feito de amarse
estrela con dereito para apagarse
feita de simpleza e policromía
alegría, día, noite e agonía

sempre balancea o feito de amarse
estrela con dereito para apagarse
feita de simpleza e policromía
alegría, día, noite e agonía

outono, a cheminea ten fame de carbón
aromas que din arriba os corazóns
vertixe, a noite tinxe todo de azul
estrelas poden caer da súa luz

o lume queima nos montes, árbores, papeis
escribo no fume duro dese silencio teu
e soño nunha necesidade de ascensión
que subo pola túa pel como salmón

sempre balancea o feito de amarse
estrela con dereito para apagarse
feita de simpleza e policromía
alegría, día, noite e agonía

sempre balancea o feito de amarse

estrela con dereito para apagarse
feita de simpleza e policromía
alegría, día, noite e agonía

3.- “Danza sen sentido” de *Magnético Zen*

Nado peixe no mar, o xen, o cromosoma
a cabeza asoma o pé no continente
arrástrase na terra o corpo resistente;
soña con voar..

MuTa a forza bruta, demente, interesada
corre, caza, traga, avanza nesa gruta
ENTRA NA DISPUTA E VOLTA para A MORADA
e soña con voar..

(vocal)

A terra, o mar, o vento, prosegue o movemento
evolución do límbico e o córtex vai crescendo
os números, os símbolos, a luz no pensamento

nova estrutura neuronal na nova mente plástica
a roda, o símbolo vial, o “om”, a cruz esvástica,
o virtual, o capital, loucura tan fantástica.

(vocal)

circuncidado, oblada ou mollados no bautismo
mono sofisticado, con fe ou no ateísmo
considerado no pecado, castrado no organismo
que con esforzo forxa a imaxe, a falsa gorxa
para dominar a farsa, para controlar a lonxa
e minte a farto, a feixes e suxa o que máis conta

primate foi humano, confusa fe da fera
e ao fin capacidade para entender quen era
dende millóns de anos buscando unha quimera

na soidade alerta, na danza sen sentido
nas luces da cidade, nas mans do seu abrigo,
e plans de liberdade na mesma soidade...

(vocal)

caveira maquillada,
con educada maña,
reviradas entrañas,
bandullo farturo,
e no ritmo do tempo,
poeira, luxo, coca
e un saco de lamento
fast food e vida oca,
o TELEMÓVEL táctil,
a conciencia portátil,
a tarde no pilates,
no ciber, no ximnasio,
a ciruxía a crema
shopping, carácter fraco,
estrelas no cinema,
fuxindo do fracaso.

cérebro reptiliano,
maltrato, guerra, engano,
ataque preventivo,
pervertidos humanos,
para a revolución
ninguén dá a sua MAN
non temos que facer
ningunha enquisa:
a evolución ten pé de chumbo, irmao
E O QUE precisa o noso corazón
é aulas de cariño
e de bailes de salón.

4.- “RAPÁS, RAPÁS...” de *Estamos no verán*

Moi cedo a miña avoa,
mataba as horas mortas
recollendo as patacas
e os greliños que hai na Horta.

Eran horas de durmir,
as galiñas xa soñaban ,
pero a avoa traballaba
nesas horas, co frío que fae.

Ai, ai, que frío que fae,
eu soñaba co caldo que como,
eu soñaba co café
que traía un mordomo.

Ai, ai, que frío que fae,
eu soñaba co caldo que como,
eu soñaba con Hawai,
tan quentiño no meu sono.

Moi cedo a miña avoa,
mataba as horas mortas
recollendo as patacas
e os greliños que hai na horta.

Eran horas de durmir,
as galiñas xa soñaban ,
pero a avoa traballaba
nesas horas, co frío que fae.

Ai, ai, que frío que fae,
eu soñaba co caldo que como,
eu soñaba co café
que traía un mordomo.

Ai, ai, que frío que fae,
eu soñaba co caldo que como,
eu soñaba con Hawai,

tan quentiño no meu sono.

Pss, pss, rapás, rapás
Pss, pss, rapás, rapás.
Non me espertes, avoa,
déixame uns minutos máis.

Pss, pss, rapás, rapás
Pss, pss, rapás, rapás.
Non me espertes, avoa,
déixame uns minutos máis.

Que fas cun grelo
metido no pelo?
Cun grelo que fas
no pelo, rapás?

Que fas cun grelo
metido no pelo?
Cun grelo que fas
no pelo, rapás?

Un grelo no pelo,
un pelo no caldo,
nin calo nin falo,
nin deixo falar.

Un grelo no pelo,
un pelo no caldo,
agora estou calvo
de tanto pensar...

Ai, ai, que frío que fae,
eu soñaba co caldo que como,
eu soñaba co café
que traía un mordomo.

Ai, ai, que frío que fae,
eu soñaba co caldo que como,
eu soñaba con Hawai,

tan quentiño no meu sono.

Pss, pss, rapás, rapás
Pss, pss, rapás, rapás.
Non me espertes, avoa,
déixame uns minutos máis.

Pss, pss, rapás, rapás
Pss, pss, rapás, rapás.
Non me espertes, avoa,
déixame uns minutos máis.

Que fas cun grelo
metido no pelo?
Cun grelo que fas
no pelo, rapás?

Que fas cun grelo
metido no pelo?
Cun grelo que fas
no pelo, rapás?

Un grelo no pelo,
un pelo no caldo,
nin calo nin falo,
nin deixo falar.

Un grelo no pelo,
un pelo no caldo,
agora estou calvo
de tanto pensar...

Que fas cun grelo
metido no pelo?
Cun grelo que fas
no pelo, rapás?

Que fas cun grelo
metido no pelo?
Cun grelo que fas
no pelo, rapás?

5.- “MU!” de *Estamos no verán!*

(INTRO..)

CHEIRA A BOSTA DE VACA
NO MEU FOCIÑO
NO MEU PASIÑO
SILANDEIRO
NO MEU CAMIÑO
MARCA DA CASA
MOLLADA OU SECA
BRANDA OU ROCA

VACA NON FRACA
MARCA DA CASA
SACA MARELA
TRAGA POLA BOCA
E A NOSA ZOCA
PISA O DESFEITO
E O ALCATREO ATACA

(INTRO..)

CHEIRA A BOSTA DE VACA
POUSO DA BESTA
BASTO PRA A VISTA
MAIS NA MIÑA TESTA
O OLOR MAIS CASTO
QUE NUNCA RESTA
NA RÚA, NA PISTA
NO CAMPO DA FESTA

BOSTA DE VACA
ESTERCO DO POBRE
CAVIAR DA MOSCA
E NOXO DO NOBRE
COCE E FERMENTA
POR DENTRO E SOBRE
AS TÚAS NAVIZAS
DE BARALLOBRE

MU, MU, MU, MU...
MA, MA, MA, MA...
... MU, MUUUUUU

(CHAMADA PERCUSIÓN)

CHEIRA A BOSTA DE VACA
NO MEU FOCIÑO
NO MEU PASIÑO
SILANDEIRO
NO MEU CAMIÑO
MARCA DA CASA
MOLLADA OU SECA
BRANDA OU ROCA

VACA NON FRACA
MARCA DA CASA
SACA MARELA
TRAGA POLA BOCA
E A NOSA ZOCA
PISA O DESFEITO
E O ALCATREO ATACA

MU, MU, MU, MU...
MA, MA, MA, MA... (2 VECES)

E O TEMPO NON PARA
TODO VAI AXIÑA
MAIS NA FONSGRADA
PACENDO LESTIÑA
A VACA ENCANTADA
TODA RELAXADA
SUPERMERCADA
NA SÚA BOSTIÑA
E IMOS AMODO
CAMIÑO DO MONTE
CAMIÑO DA CORTE
QUE CURTE E DA SORTE
NA TÚA MIRADA


OU NO CU DE RAÍÑA
VACA DE AGOLADA
BOSTA DA GUDIÑA

MU, MU, MU, MU...
MA, MA, MA, MA... (2 VECES)
(E SEGUE JARA ATA O FINAL)

TRANQUILA
NON TRANSXÉNICA
BOSTA DE VIDA
ANTIBÉLICA

TRANQUILA
NON TRANSXÉNICA
BOSTA DE LEI
NA LEIRA

MU, MU, MU, MU...
MA, MA, MA, MA... (2 VECES)



6.- “A ILLA” de *Estamos no verán!*

Dentro de nós hai unha illa,
quen a puidese atopar!
Se ti queres iremos xuntos,
dous peixes a navegar.

Imos nadando veloces
no río que baixa feliz,
Por regatos e fervenzas
respirando sen nariz.

Aie...

Logo chegamos ao mar
e vogamos no solpor,
augas doces e salgadas
mesturadas con amor.

Pregunta a esa tartaruga
cal será a Estrela Polar,
pois para ir á nosa illa
algo nos ten que guiar.

Aie...

Esa illa está ben lonxe,
máis preto do que ti pensas,
só con querer vas para ela,
e aseguro que compensa.
Esa illa está ben lonxe,
máis preto do que ti pensas.
(MOTIVO 2)

E mira aló, xa chegamos,
onde as ondas baten máis,
e foi facéndose día
co sol que brilla detrás.

É unha illa negra e branca,
de auga clara de cristal,

con palmeiras e sereas
que saúdan ao pasar.

Aie...

Esa illa non se vende
nin se compra nin se gaña.
Esa illa só se dá
para os que non teñen nada.
Esa illa non se vende
nin se compra nin se gaña
(MOTIVO 2)

Alí dentro o tempo para,
o frío vira calor,
e somos tan importantes
coma os pétalos da flor.

Hai persoas que nos queren,
amigas e amigos bos,
daqueles que cando ollan
miran ben dentro de nós.

Aie...

Eu soñaba que ti viñas
nadando, e amañecía.
Quero vivir nesa illa,
quero vivir nesa illa.

Eu soñaba que chegabas
nadando, e que rías.
Vamos vivir nesa illa!,
vamos vivir nesa illa!

Esa illa non ten cota
e ninguén é emigrante.
No teu peito o universo,
se ti queres neste instante.

Vamos vivir nesa illa!,

vamos vivir nesa illa!,
vamos vivir nesa illa!,
vamos vivir nesa illa!
(MOTIVO 3)

(MOTIVO 2)



ECUACIONES XOÁN CURIEL

